



DATOS IDENTIFICATIVOS

Didáctica da relixión católica

| | | | | |
|--------------------|--|----------|-------|--------------|
| Materia | Didáctica da relixión católica | | | |
| Código | O05G110V01910 | | | |
| Titulación | Grao en Educación Infantil | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 3 | 2c |
| Lingua impartición | Galego | | | |
| Departamento | Didácticas especiais | | | |
| Coordinador/a | Grande Seara, Julio | | | |
| Profesorado | Grande Seara, Julio | | | |
| Correo-e | juliogrseara@yahoo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición | Nesta materia, preténdese un achegamento á didáctica da relixión católica na escola. xeral | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| CG1 | Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil |
| CG4 | Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles |
| CG5 | Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia |
| CG6 | Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión |
| CG8 | Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia |
| CG9 | Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida |
| CG11 | Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes |
| CG12 | Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos |
| CE2 | Coñecer os desenvolvementos da psicología evolutiva da infancia nos periodos 0-3 e 3-6. |
| CE5 | Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico |
| CE6 | Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual. |
| CE10 | Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo. |
| CE12 | Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá. |
| CE19 | Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente. |
| CE21 | Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo no aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do periodo 0-3 e do periodo 3-6. |
| CE22 | Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto. |

| | |
|------|--|
| CE23 | Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellóraa en educación infantil. |
| CE29 | Valorar a importancia do traballo en equipo |
| CE37 | Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, os costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia. |
| CE45 | Coñecer a tradición oral e o folklore. |
| CE54 | Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal. |
| CE60 | Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia. |
| CE64 | Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro |
| CT1 | Capacidade de análise e síntese |
| CT2 | Capacidade de organización e planificación |
| CT3 | Comunicación oral e escrita |
| CT9 | Traballo en equipo |
| CT11 | Habilidades nas relacións interpersoais |
| CT12 | Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade |
| CT14 | Compromiso ético |
| CT15 | Aprendizaxe autónoma |
| CT16 | Adaptación a novas situacións |
| CT18 | Lideranza |
| CT19 | Coñecemento doutras culturas e costumes |
| CT20 | Iniciativa e espírito emprendedor |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias | | |
|---|----------------------------------|---|---|
| Adquirir coñecementos sobre a evolución do pensamento, os costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia. | CG1 | CE2 CE23 CE37 CE45 CE54 | CT1 CT12 CT15 CT16 CT19 |
| Coñecer os desenvolvementos da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6. Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas, así como os valores propios desta etapa | CG1 CG6 CG8 CG9 CG12 | CE2 CE5 CE6 CE10 CE12 CE19 CE21 CE22 CE29 | CT1 CT2 CT3 CT11 CT12 CT14 CT19 |
| Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo | CG4 CG5 | CE10 CE29 CE64 | CT2 CT9 CT11 CT18 |
| Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade | CG11 | CE12 CE21 CE23 CE29 CE37 CE45 CE54 | CT3 CT14 CT19 CT20 |
| Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas. Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística | CG6 | CE45 CE54 CE60 CE64 | CT12 CT19 |
| Valorar a relación persoal con cada alumno e a súa familia como factor de calidade da educación | CG4 | CE10 CE12 CE22 | CT9 CT14 CT16 |

Contidos

| Tema | |
|------------------------------|--|
| I.- PSICOPEDAGOXÍA RELIXIOSA | Tema 1.- Natureza e finalidade do ensino relixioso escolar. Tema 2.- Orixinalidade da pedagogía relixiosa e formas de educar na fe. |

II.- APRENDER A ENSINAR NA área DE RELIXIÓN, Tema 3.- Metas e Obxectivos do ensino relixioso escolar.

Tema 4.- A presenza do relixioso no Proxecto Educativo. Contidos de Relixión: o currículo de Relixión de Ed. Primaria.

Tema 5.- Materiais e recursos para o ensino da Relixión

III.- PRÁCTICA DOCENTE DO ENSINO RELIXIOSO Tema 6.- O profesor de relixión na Escola

Tema 7.- A unidade didáctica. Metodoloxía para a elaboración de unidades didácticas na área de Relixión

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 24 | 60 | 84 |
| Estudo previo | 0 | 34.5 | 34.5 |
| Traballo tutelado | 17 | 0 | 17 |
| Presentación | 1.5 | 3 | 4.5 |
| Foros de discusión | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|--------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo e/ou directrices dun traballo, ou exercicio a desenvolver polo estudante. |
| Estudo previo | Lectura de forma autónoma por parte do alumnado da documentación recomendada polo profesor que lles facilite o seguimento posterior das sesións maxistras. |
| Traballo tutelado | Elaboración en grupo de unidades didácticas acerca de parábolas e/ou personaxes bíblicos. |
| Presentación | Exposición na aula da unidade didáctica elaborada en grupo. |
| Foros de discusión | Debates na aula acerca de temas actuais sobre didáctica da relixión na escola. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------|--|
| Lección maxistral | No horario de titorías fixado polo profesor e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou traballos a desenvolver. |
| Estudo previo | No horario de titorías fixado polo profesor e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou traballos a desenvolver. |
| Traballo tutelado | No horario de titorías fixado polo profesor e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou traballos a desenvolver. |
| Foros de discusión | No horario de titorías fixado polo profesor e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou traballos a desenvolver. |

Avaliación

| Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|--|---------------|---|
| Lección maxistral O alumno/a deberá entregar ao final do cuadrimestre un breve resumo dos diversos temas explicados en clase. | 50 | CG1 CE2 CT1 CG6 CE6 CT3 CG9 CT15 CG12 CT19 |

| | | | | |
|--|----|---|--|--|
| Traballo tutelado Os/as alumnos/as deberán entregar a unidade didáctica elaborada en grupo na aula | 25 | CG1 CG4 CG5 CG6 CG9 CG11 CG12 | CE2 CE6 CE19 CE21 CE23 CE29 CE37 CE45 CE54 CE60 CE64 | CT1 CT2 CT3 CT9 CT11 CT12 CT14 CT15 CT16 CT18 CT19 CT20 |
| Presentación Os alumnos deberán expor na aula, utilizando os recursos que estimen adecuados, a unidade didáctica elaborada e entregada previamente | 25 | CG1 CG4 CG6 CG8 CG11 CG12 | CE2 CE6 CE19 CE21 CE23 CE29 CE37 CE45 CE54 CE60 | CT1 CT2 CT3 CT9 CT11 CT12 CT14 CT15 CT16 CT18 CT19 CT20 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aqueles/as alumnos/as que non poidan asistir regularmente a clase e, por tanto, non poidan seguir o sistema de avaliación continua exposto anteriormente, serán avaliados/as conforme ao seguinte sistema:

- Deberán elaborar individualmente unha unidade didáctica sobre un tema que lle indicará o profesor, que suporá o 25% da cualificación final.
- Deberán entregar un resumo dos temas que figuran no programa, que suporá o 50% da cualificación final.
- Na data prevista no calendario de exames deberán expor un dos temas que previamente resumiron, elixido por sorteo, que suporá o 25% da cualificación final.

Leste mesmo sistema de avaliación aplicarase aos/as alumnos/as que non superen a materia e deban acudir á segunda convocatoria.

As competencias superadas na primeira edición de Xuño, non serán de novo avaliadas na convocatoria de Xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Téllez Sánchez, A, **Pedagogía y didáctica de la religión en la escuela**, UNIR, 2011

López Quintas, A, **Experiencia antropológica y experiencia religiosa**, UNIR, 2010

Almacellas, M.A, **Camino hacia la madurez personal**, Desclee de Brouwer, 2009

Arranco lopez, R., **Enseñar competencias sobre religion**, Desclee de Brouwer, 2009

Bibliografía Complementaria

Biblia de Jerusalem, Desclee de Brouwer, 1999

Catecismo de la Iglesia Católica, Asociación de editores del catecismo, 1992

Gómez Sierra, María Eugenia, **Didáctica de la religión**, PPC, 2005

Recomendacións

Outros comentarios

Os/AS ALUMNOS/AS QUE CURSEN E SUPEREN ESTA MATERIA CONTARÁN CON 6 ECTS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DA DECLARACIÓN ECLESIAÍSTICA DE IDONEIDADE (DEI) A FIN DE PODER IMPARTIR CLASES DE RELIXIÓN CATÓLICA (BOE núm. 300, de 15 de decembro de 179 e RD 1440/1991, en BOE núm. 224 de 11 de outubro de 1991).

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia polo/la docente responsable.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional
Non hai.
